

# Facultade de Filoloxía e Tradución

**(*)**

Horarios

**Horarios**

http://webs.uvigo.es/fft/index.php?option=com_rokdownloads&view=folder&Itemid=74

# Grao en Linguas Estranxeiras

**Materias**

**Curso 2**

| Código | Nome | Cuadrimestre | Cr.totais |
|---|---|---|---|
| V01G180V01301 | Introdución á literatura do primeiro idioma estranxeiro: Inglés | 1c | 9 |
| V01G180V01302 | Primeiro idioma estranxeiro V: Inglés | 1c | 6 |
| V01G180V01303 | Pronunciación do primeiro idioma estranxeiro: Inglés | 1c | 9 |
| V01G180V01304 | Segundo idioma estranxeiro III: Francés | 1c | 6 |
| V01G180V01305 | Segundo idioma estranxeiro III: Alemán | 1c | 6 |
| V01G180V01401 | Análise e interpretación literaria de textos do primeiro idioma estranxeiro: Inglés | 2c | 9 |
| V01G180V01402 | Morfosintaxe do primeiro idioma estranxeiro: Inglés | 2c | 9 |
| V01G180V01403 | Primeiro idioma estranxeiro VI: Inglés | 2c | 6 |
| V01G180V01404 | Segundo idioma estranxeiro IV: Francés | 2c | 6 |
| V01G180V01405 | Segundo idioma estranxeiro IV: Alemán | 2c | 6 |

## DATOS IDENTIFICATIVOS

**Introdución á literatura do primeiro idioma estranxeiro: Inglés**

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Materia | Introdución á literatura do primeiro idioma estranxeiro: Inglés | | | |
| Código | V01G180V01301 | | | |
| Titulación | Grao en Linguas Estranxeiras | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 9 | OB | 2 | 1c |
| Lingua de impartición | | | | |
| Departamento | Filoloxía inglesa, francesa e alemá | | | |
| Coordinador/a | Vázquez García, María Celia | | | |
| Profesorado | Vázquez García, María Celia | | | |
| Correo-e | celiavg@uvigo.es | | | |
| Web | http://faitic.uvigo.es | | | |
| Descrición xeral | Esta materia, primeira que se cursa da materia Literatura do primeiro idioma estranxeiro, proporciona un panorama xeral da historia da literatura inglesa. Introduce os movementos e autores máis relevantes da literatura británica, principalmente, no seu marco histórico e cultural. Ademais, iníciase ao estudante na utilización dos recursos académicos e as técnicas necesarias para ler, analizar e situar as obras literarias no seu contexto e para elaborar ensaios académicos. | | | |

## Competencias

| Código | |
|---|---|
| A2 | Que as/os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo. |
| A3 | Que as/os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética. |
| A4 | Que as/os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado. |
| A5 | Que as/os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía. |
| C2 | Identificar as principais contribucións teóricas nos distintos ámbitos xeográficos, sociais e culturais da literatura do primeiro idioma estranxeiro, desde unha perspectiva que teña en consideración os valores democráticos, de igualdade social, de xénero, raza e orientación sexual, así como dunha cultura para a paz. |
| C3 | Adquirir os fundamentos teóricos e aplicados que ofrece a lingüística nos principais paradigmas do estudo e descrición das linguas, así como sintetizar, relacionar e describir as literaturas da primeira lingua estranxeira provenientes de distintos ámbitos culturais e sociais, períodos, xéneros e movementos. |
| C4 | Adquirir as ferramentas e técnicas metodolóxicas básicas para o estudo e a análise lingüística e literaria. |
| C5 | Adquirir os coñecementos necesarios para a comprensión, desenvolvemento, análise, avaliación e aproveitamento para o futuro profesional dos recursos lingüísticos e literarios. |
| C6 | Construír argumentos sólidos sobre os temas e textos a estudar, seguindo as convencións académicas, empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos, facendo uso dos recursos bibliográficos e electrónicos dispoñibles, especialmente os orientados á investigación lingüística e literaria e á docencia das linguas impartidas no grao. |
| C7 | Participar en debates e actividades en grupo, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico, realizando contrastes críticos e respectuosos, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural dos países das diversas linguas estranxeiras, de defensa de dereitos fundamentais, de principios de igualdade e de valores democráticos. |
| C8 | Formular razoamentos críticos a respecto dos campos de estudo lingüístico e literario que conduzan á adquisición dun método sólido de análise lingüística e literaria para alén da mera aproximación subxectiva e intuitiva ás linguas e textos obxecto de estudo. |
| C9 | Planificar, estruturar e desenvolver ensaios escritos e presentacións orais nas diversas linguas estranxeiras, formulando hipóteses, utilizando unha metodoloxía apropiada para transmitir ideas de xeito eficaz e válido, seguindo as convencións académicas e empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos. |
| C10 | Mostrar coñecemento sobre outras culturas e expresións artísticas e ser competente para sensibilizar as persoas do entorno na apreciación da diversidade, interculturalidade e multiculturalidade. Así mesmo, explorar as repercusións sociais, profesionais, educativas e culturais dos usos lingüísticos e da aprendizaxe das linguas estudadas no grao. |
| C11 | Visibilizar e valorar as contribucións feitas polas mulleres á literatura e á cultura producida no primeiro idioma estranxeiro nos seus diferentes ámbitos xeográficos e culturais. De igual modo, identificar os mecanismos de exclusión e discriminación das mulleres na linguaxe e adquirir formación no uso de linguaxe inclusiva. |

| | |
|---|---|
| C12 | Ser competente para utilizar as novas tecnoloxías como recurso metodolóxico, de investigación, didáctico e de comunicación. |
| D3 | Que as/os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitiren xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética. |

**Resultados de aprendizaxe**

| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe | | |
|---|---|---|---|
| Coñecemento e comprensión de autores/as, obras e movementos representativos da literatura do primeiro idioma estranxeiro. | A2<br>A3<br>A4<br>A5 | C2<br>C3<br>C4<br>C5<br>C10<br>C11<br>C12 | D3 |
| Desenvolvemento de hábitos críticos que permitan explourar os textos de forma autónoma e creativa. | A2<br>A3<br>A5 | C4<br>C5<br>C8<br>C10<br>C11 | |
| Valoración das contribucións feitas polas mulleres e as minorías na expresión literaria do primeiro idioma<br>estranxeiro. | A3<br>A4 | C2<br>C4<br>C10<br>C11 | D3 |
| Comprensión dos conceptos fundamentais relacionados coa creación e o análise dos textos literarios. | A2<br>A3<br>A4<br>A5 | C2<br>C3<br>C4<br>C5<br>C6<br>C10 | |
| Adquisición dun método de comentario de texto que permita o análise sobre a mera interpretación. | A2<br>A3<br>A5 | C3<br>C5<br>C11<br>C12 | |
| Eficacia na consulta de fontes bibliográficas con un certo grao de autonomía e asúa posterior utilización<br>en exposicións ou argumentacións en torno a temas literarios. | A3 | C3<br>C4<br>C5<br>C7<br>C8<br>C11 | D3 |
| Iniciación á investigación literaria mediante a realización de traballos específicos que fomenten a escritura científica sobre os temas literarios. | A2<br>A3<br>A4 | C3<br>C4<br>C5<br>C6<br>C7<br>C8<br>C9<br>C11<br>C12 | |

**Contidos**

| Tema | |
|---|---|
| Unit 1. The Anglo-Saxon Period or Old English Period (449-1066) | 1.1. Anglo-Saxon poetry.<br>1.1.1. Epic poetry<br>1.1.2. Elegiac poetry.<br>1.2. Anglo-Saxon prose. |
| Unit 2. The Medieval period (1066-1485) | 2.1 Chivalry and romance.<br>2.2 Drama of the Middle Ages.<br>2.3 Chaucer and The Canterbury Tales. |
| Unit 3. The English Renaissance and the Puritan Age (1485-1660) | 3.1.Elizabethan poetry<br>3.2 Elizabethan drama: Shakespeare<br>3.3 Stuart drama.<br>3.4 Metaphysical and Cavalier poets.<br>3.5 Milton |

| | |
|---|---|
| Unit 4. The Restoration and the Eighteenth century (1660-1798) | 4.1. Restoration drama.<br>4.2. Augustan poetry.<br>4.3. The origins of the novel: Defoe and Swift.<br>4.4. Evolution of the novel: Richardson and Fielding.<br>4.5. The Gothic and the sentimental novel. |
| Unit 5. The Nineteenth century: Romantic Age (1798-1832) and Victorian Age. | 5.1. Romanticism<br>5.2. The Victorian novel.<br>5.3. Victorian prose.<br>5.4. Victorian drama. |

**Planificación**

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|---|---|---|---|
| Actividades introdutorias | 5 | 9 | 14 |
| Sesión maxistral | 44 | 40 | 84 |
| Traballos de aula | 18 | 28 | 46 |
| Prácticas autónomas a través de TIC | 0 | 26 | 26 |
| Probas de tipo test | 5 | 8 | 13 |
| Probas de resposta longa, de desenvolvemento | 6 | 36 | 42 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

**Metodoloxía docente**

| | Descrición |
|---|---|
| Actividades introdutorias | Nesta actividade dedicaremos un tempo a explicar a maneira na que se desenvolverán as clases e o tipo de actividades que levarán a cabo para cumprir cos obxectivos. |
| Sesión maxistral | Constitúen o maior volume de docencia presencial. Nestas expóñense os contidos teóricos da materia segundo o temario detallado no paso 3. Pedirase ao estudante que se familiarice cos termos e conceptos fundamentais de cada tema por adiantado. As exposicións da docente realizaranse asistidas de diversos recursos multimedia: presentacións de power point, gravacións de audio e visionado de películas relacionadas coas obras de lectura obrigatoria. |
| Traballos de aula | O estudante desenvolve exercicios ou proxectos na aula baixo as directrices e supervisión da profesora. |
| Prácticas autónomas a través de TIC | Porase a disposición do estudante un servizo de consulta por correo electrónico como extensión das titorías presenciais, así como os recursos da plataforma virtual Faitic da UVI, entre os que estarán a guía docente máis detallada coa listaxe das lecturas obrigatorias, a lista de textos para os traballos críticos, o calendario da materia, a organización docente semanal, o modelo de ficha de lectura, diversas ligazóns a páxinas webs de relevancia para a materia, un modelo de exame virtual para que o estudante se familiarice co tipo de exame e calquera outra información ou recursos electrónicos que sexan interesantes para o alumnado. Os estudantes poderán traballar en grupo elaborando un glosario das distintas unidades da materia, así como dispor dun foro para facer comentarios sobre os diferentes textos de lectura obrigatoria. |

**Atención personalizada**

| Metodoloxías | Descrición |
|---|---|
| Prácticas autónomas a través de TIC | As horas de tutoría do docente, ás que o alumno pode acudir de forma individual, servirán para recoller datos sobre a marcha da materia, para que manifesten calquera inquietude ou achega con respecto ao desenvolvemento do programa. Revisarase a elaboración do portafolios co propio estudante. |

**Avaliación**

| | Descrición | Cualificación | Resultados de Formación e Aprendizaxe | |
|---|---|---|---|---|
| Probas de resposta longa, de desenvolvemento | Realizaranse dúas probas escritas que comprenderán os aspectos teóricos e prácticos relacionados co contido de cada unha das unidades do programa e as lecturas obrigatorias que lle correspondan e poderán combinarse con outro tipo de preguntas breves. A primeira proba realizarase unha vez terminada a unidade 3 (arredor da primeira semana de novembro). A segunda proba incluirá os contidos das unidades 4 e 5 e as lecturas obrigatorias que non entrasen no exame anterior. Cada proba ten o valor do 50 % e a suma destas probas escritas valerá o 100 % da cualificación final. | 100 | C2<br>C3<br>C4<br>C5<br>C6<br>C8<br>C10<br>C11 | D3 |

**Outros comentarios sobre a Avaliación**

A avaliación na primeira edición de actas será continua, segundo o indicado máis arriba. A asistencia ás aulas non é obrigatoria. Para a evaluación continua é obrigatorio realizar as duas probas previstas na avaliación. As probas non realizadas contarán coma un cero. As datas das probas avalíabeis serán anunciadas no cronograma, na aula e en Faitic con antelación suficiente. Se un/ha alumno/a, por causas de forza maior debidamente xustificadas, non puidese realizar algunha proba, deberá falar co profesorado **con anterioridade á data de realización da proba** para establecer unha nova data.

É responsabilidade do alumnado estar en contacto coa materia tanto se asiste ás aulas como se non.

Os estudiantes que non realicen a avaliación continua serán avaliados mediante unha **única** proba ao final do cuatrimestre (100% da nota) que se realizará na última semana do período docente, o día **11 de xaneiro de 2016.** A data dos exames escritos da avaliación continua será anunciada a través de Faitic e na aula. A copia ou plaxio en calquera tipo de traballo ou exame suporá un cero nesa proba.

**Segunda edición de actas:**

O alumnado que non supere a materia na primeira edición de actas poderase presentar en XULLO para a segunda edición de actas. A avaliación consistirá nunha única proba final de toda a materia (100% da calificación) nas datas de exames oficiais aprobadas pola Xunta de Facultade.

## Bibliografía. Fontes de información

Libro de texto:

**Alexander, Michael *A History of English Literature.* Basingstoke: Palgrave Macmillan 3rd edition (2013).**

Libros de lectura obrigatoria:

**Jane Austen: *Pride and Prejudice***
**Emily Brontë*: Wuthering Heights***
**Oscar Wilde: *The Importance of Being Earnest***
**George B. Shaw*: Pygmalion***


Healy and Clark. *The Arnold Anthology of British and Irish Literature in English.* London: Arnold, 1997.

*The Norton Anthology of English Literature. 9*th edition, 2 vols. New York: Norton, 2012.

Barnard, Robert. *A Short History of English Literature.* Oxford: Basil Blackwell, 1994.

Carter, Ronald &John McRae. *The Routledge History of Literature in English: Britain and Ireland.* London and New York: Routledge, 2001.

Sanders, Andrew.*The Short Oxford History of English Literature. 3rd edition.* Oxford: Oxford University Press, 2004.

Gaskell, Philip. *Landmarks in English Literature.* Edinburgh: Edinburgh Univ. Press, 1998.

Villalba, Estefanía. *Claves para interpretar la literatura inglesa.* Madrid: Alianza, 1999.

Widdowson, Peter. *The Palgrave Guide to English Literature and its contexts, 1500-2000.* London: Palgrave, 2004.


Ademais das lecturas obrigatorias, o alumnado deberá ler fragmentos de textos literarios seleccionados para a súa análise nas clases prácticas ou para os traballos individuales.

O resto da bibliografía entregarase o primeiro día de clase.

## Recomendacións

### Materias que continúan o temario

Análise e interpretación literaria de textos do primeiro idioma estranxeiro: Inglés/V01G180V01401
Ámbitos literarios I do primeiro idioma estranxeiro: Inglés/V01G180V01502

### Outros comentarios

Recoméndase o uso dos recursos da biblioteca.

A avaliación terá en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa corrección lingüística.

| DATOS IDENTIFICATIVOS | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Primeiro idioma estranxeiro V: Inglés** | | | | |
| Materia | Primeiro idioma estranxeiro V: Inglés | | | |
| Código | V01G180V01302 | | | |
| Titulación | Grao en Linguas Estranxeiras | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 6 | OB | 2 | 1c |
| Lingua de impartición | Inglés | | | |
| Departamento | Filoloxía inglesa, francesa e alemá | | | |
| Coordinador/a | Figueroa Dorrego, Jorge Juan | | | |
| Profesorado | Figueroa Dorrego, Jorge Juan<br>Gonzalez Szamocki, Miguel Guido | | | |
| Correo-e | jdorrego@uvigo.es | | | |
| Web | http://faitic.uvigo.es | | | |
| Descrición xeral | Materia que amplía os coñecementos de inglés instrumental obtidos no primeiro curso de Grao, ata acadar un nivel avanzado nas competencias lingüística e comunicativa do idioma. | | | |

| Competencias | |
|---|---|
| Código | |
| C1 | Fomentar e mellorar a capacidade de comunicación nas linguas de estudo no grao, en diferentes contextos sociais, profesionais e culturais coas/os falantes das devanditas linguas, desenvolvendo as destrezas de comprensión e expresión orais e escritas, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural, incluíndo a defensa dos dereitos fundamentais, de igualdade social, de xénero, raza e orientación sexual, e os valores propios da democracia e a cultura da paz. |
| C5 | Adquirir os coñecementos necesarios para a comprensión, desenvolvemento, análise, avaliación e aproveitamento para o futuro profesional dos recursos lingüísticos e literarios. |
| C8 | Formular razoamentos críticos a respecto dos campos de estudo lingüístico e literario que conduzan á adquisición dun método sólido de análise lingüística e literaria para alén da mera aproximación subxectiva e intuitiva ás linguas e textos obxecto de estudo. |
| D1 | Que as/os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e que se atopa frecuentemente a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo. |
| D5 | Que as/os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía. |

| Resultados de aprendizaxe | | |
|---|---|---|
| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe | |
| Comprensión dos conceptos gramaticais básicos e a súa expansión. | C1<br>C5<br>C8 | D1<br>D5 |
| Adquisición dos coñecementos necesarios para expresarse na lingua obxecto de estudo. | C1<br>C5<br>C8 | D1<br>D5 |
| Desenvolvemento das habilidades de comprensión e expresión oral e escrita no primeiro idioma estranxeiro | C1 | D1<br>D5 |
| Comprensión dos aspectos gramaticais indispensabeis para a organización do discurso oral. | C1<br>C5 | D1<br>D5 |
| Comprensión dos conceptos básicos e avanzados da lectura e redación de textos | C1<br>C5 | D1<br>D5 |
| Adquisición dos coñecementos neesarios para expresarse oralmente e por escrito co vocabulario e organización apropiados | C1 | D1<br>D5 |
| Desenvolvemento da aprendizaxe autónoma na aplicación dos coñecementos gramaticais e léxicos a contextos orais e escritos. | | D5 |

| Contidos |
|---|
| Tema |

| | |
|---|---|
| I. Use of English | 1. Advanced practice of conditional forms, modals, future forms, relative clauses, and □ing forms.<br>2. Expressing wishes and regrets<br>3. Expressing reason, result and purpose<br>4. Participle clauses<br>5. Reported speech<br>6. Collocations<br>7. Idioms and fixed phrases<br>8. Word formation<br>9. Connotation<br>10. Vocabulary about personality, jobs, technology, business, the city, study, and fashion. |
| II. Listening | Listening to recordings set in a variety of situations, with one or more speakers, talking about themselves, other people, different cultures, jobs, or instructions, at an advanced level. |
| III. Speaking | Speaking about oneself and other people, role playing, discussing, comparing and contrasting, making decisions, stressing, using supportive expressions and academic language, and responding to oral, visual and written prompts, at an advanced level. |
| IV. Reading | Reading and analysing texts from various sources (newspapers, magazines, books, leaflets, brochures, etc) and about different topics (such as other cultures, celebrities, instructions, jobs, technology, cities, etc.), at an advanced level. |
| V. Writing | Formal and informal writing, letters and emails, essays, and reports, at an advanced level. |

**Planificación**

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|---|---|---|---|
| Actividades introdutorias | 2 | 0 | 2 |
| Sesión maxistral | 22 | 22 | 44 |
| Traballos de aula | 18 | 18 | 36 |
| Debates | 6 | 12 | 18 |
| Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma | 0 | 12 | 12 |
| Resolución de problemas e/ou exercicios | 4 | 34 | 38 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

**Metodoloxía docente**

| | Descrición |
|---|---|
| Actividades introdutorias | Presentación da materia, os seus obxectivos, a metodoloxía que se empregará e o sistema de avaliación. |
| Sesión maxistral | Exposición dos contidos de gramática e vocabulario. As explicacións teóricas acompañaranse de exercicios ou outras actividades a desenvolver polo alumnado. |
| Traballos de aula | Actividades prácticas para o desenvolvemento das destrezas orais e escritas. |
| Debates | Discusións organizadas sobre temas específicos relacionados cos contidos do curso. |
| Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma | Realización de exercicios prácticos relacionados cos contidos do curso. |

**Atención personalizada**

| **Metodoloxías** | **Descrición** |
|---|---|
| Debates | Cando sexa preciso, os profesores prestarán axuda personalizada ao alumnado ben na aula ou en horario de titorías. |
| Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma | Cando sexa preciso, os profesores prestarán axuda personalizada ao alumnado ben na aula ou en horario de titorías. |
| **Probas** | **Descrición** |
| Resolución de problemas e/ou exercicios | Cando sexa preciso, os profesores prestarán axuda personalizada ao alumnado ben na aula ou en horario de titorías. |

**Avaliación**

| | Descrición | Cualificación | Resultados de Formación e Aprendizaxe | |
|---|---|---|---|---|
| Debates | Discusións organizadas sobre temas específicos relacionados cos contidos do curso | 10 | C1 | D1<br>D5 |
| Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma | Realización de exercicios de escritura relacionados cos contidos do curso | 10 | | D1<br>D5 |
| Resolución de problemas e/ou exercicios | Probas orais e escritas para avaliar o uso do vocabulario e a gramática, así como as destrezas orais e escritas, ao final do cuadrimestre.<br>O valor de cada unha desas probas será o seguinte: Use of English: 20%, Listening: 20%, Speaking: 10%, Reading: 20% e Writing: 10%. | 80 | C1<br>C5<br>C8 | D1<br>D5 |

## Outros comentarios sobre a Avaliación

**1ª EDICIÓN DE ACTAS**

**Avaliación continua:**

O proceso de avaliación arriba descrito está deseñado para o alumnado que asista regularmente a clases. O alumnado que non poida asistir con regularidade por algunha razón xustificada deberá comunicalo ao profesorado a principios do cuadrimestre, e será avaliado polo sistema de avaliación única explicado abaixo.

As probas para avaliar o uso da gramática e vocabulario e as catro destrezas faranse a última semana do cuadrimestre, en datas, horas e aulas que se anunciarán con antelación tanto nas clases como a través de Faitic. A entrega de traballos escritos será a semana despois do periodo de traballo autónomo. As datas para a participación en debates durante o cuadrimestre tamén serán comunicadas con antelación polo profesorado. As porcentaxes correspondentes a estas últimas actividades uniranse ás das probas finais para que tanto o Speaking como o Writing supoñan un 20% da nota cada un, como os demáis apartados.

**Avaliación única**

Excepcionalmente, como se dixo antes, aqueles estudantes que non poidan asistiren ás aulas con regularidade e, por tanto, non poidan participar nos debates e entregar traballos, pasarán a ser avaliados a través das probas orais e escritas finais. Esas probas suporán o 100% da súa avaliación, contando cada parte (Use of English, Listening, Speaking, Reading e Writing) un 20%.

2ª EDICIÓN DE ACTASO alumnado que non se presente ou suspenda ao final do cuadrimestre poderá presentarse aos exames de xullo nas datas que marque o calendario oficial do centro. Aqueles que se presentaran anteriormente pero foron cualificados con Suspenso poderán facer somentes as partes nas que non acadara un 5, podendo conservar as notas das partes que teña aprobadas. Para os estudantes que non se presentaran antes, as probas orais e escritas contarán o 100% da súa nota, e cada parte un 20% tal como se explica no apartado de avaliación continua.

**OUTROS COMENTARIOS**

Durante a realización dos exames non se permite a utilización de dicionarios, ordenadores, ou calquera outro aparato electrónico, con ou sen conexión a internet.

A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de actividade suporá un cero nesa parte. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá ao alumnado da súa responsabilidade neste aspecto.

## Bibliografía. Fontes de información

Para o desenvolvemento das sesións teórcas e prácticas utilizarase o seguinte **libro de texto**, que todo estudante que curse esta materia debe ter e traer a clases:

**O'Dell, Felicity and Annie Broadhead. *Objective Advanced. Student's Book without answers*. Cambridge: Cambridge University Press. 2014 (4th edition).**

**Bibliografía adicional recomendada**

Bailey, S. 2006. *Academic Writing. A Handbook for International Students.* 2nd ed. London: Routledge.

Carter, M & M. McCarthy. 2006. *Cambridge Grammar of English*. Cambridge: C.U.P.

Carter, R., M. McCarthy, G. Mark & A. O'Keeffe. 2011. *English Grammar Today. An A-Z of Spoken and Written Grammar.* Cambridge: Cambridge University Press. [with workbook]

Craven, M 2011. *Real Listening and Speaking 4 (C1 Advanced).* Cambridge: C.U.P.

Driscoll, L. 2008. *Real Reading 4 (C1 Advanced).* Cambridge: C.U.P.

Haines, S. 2008. *Real Writing (C1 Advanced).* Cambridge: C.U.P.

Haines, S. 2012. *Vocabulary for Advanced*. Cambridge: C.U.P.

Hancock, M. 2003. *English Pronunciation in Use*, Cambridge: C.U.P..

Hewings, M. 2010. G*rammar for CAE and Proficiency. Self-study Gammar Reference and Practice.* Cambridge: C.U.P.

Murphy, R. 2003. *English Grammar in Use*, Cambridge: Cambridge University Press.

O'Dell, F. & A. Broadhead 2014. *Objective Advanced. Workbook with answers*. Cambridge: C.U.P.

Zemach, D & L.A. Rumisek. *Academic Writing: From Paragraph to Essay.* London: Macmillan.

## Recomendacións

### Materias que continúan o temario

Primeiro idioma estranxeiro VI: Inglés/V01G180V01403

### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Idioma moderno: Primeiro idioma estranxeiro I: Inglés/V01G180V01104
Idioma moderno: Primeiro idioma estranxeiro II: Inglés/V01G180V01105
Idioma moderno: Primeiro idioma estranxeiro III: Inglés/V01G180V01203
Idioma moderno: Primeiro idioma estranxeiro IV: Inglés/V01G180V01204

### Outros comentarios

A asistencia activa ás sesións presenciais constitúe un elemento chave na adquisición de competencias por parte do alumnado, polo que se recomenda a asistencia e participación activa na aula. De igual maneira, para superar esta materia é necesario o traballo constante do alumnado, tanto nas sesións presenciais como a nivel persoal.

Recoméndase cursar esta materia tendo xa un nivel de lingua inglesa intermedio alto (equivalente a B2 do MCERL)

Recoméndase o uso dos recursos da biblioteca para a preparación desta materia, así como consultar os materiais e anuncios que se fagan a través da plataforma Faitic.

| DATOS IDENTIFICATIVOS | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Pronunciación do primeiro idioma estranxeiro: Inglés** | | | | |
| Materia | Pronunciación do primeiro idioma estranxeiro: Inglés | | | |
| Código | V01G180V01303 | | | |
| Titulación | Grao en Linguas Estranxeiras | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 9 | OB | 2 | 1c |
| Lingua de impartición | Inglés | | | |
| Departamento | Filoloxía inglesa, francesa e alemá | | | |
| Coordinador/a | Rama Martínez, María Esperanza | | | |
| Profesorado | Gonzalez Szamocki, Miguel Guido<br>Rama Martínez, María Esperanza | | | |
| Correo-e | erama@uvigo.es | | | |
| Web | http://faitic.uvigo.es | | | |
| Descrición xeral | Introdución xeral teórica e práctica ao nivel fonético e fonolóxico da lingua inglesa. Os obxectivos xerais son:<br>- Ofrecer unha introdución xeral á teoría dos sons e de como se utilizan na lingua inglesa, establecendo as comparacións pertinentes cos sistemas fonolóxicos doutras linguas, especialmente coas do castelán e galego.<br>- Equipar ao alumnado coas ferramentas básicas, unidades e conceptos teóricos necesarios para a descrición e análise dos niveis segmental e suprasegmental e dos procesos fonolóxicos do inglés.<br>- Ofrecer ao alumnado as ferramentas prácticas necesarias para que melloren a pronuncia do inglés, tanto dende a perspectiva da discriminación auditiva coma da producción oral.<br>- Conseguir que o alumnado se familiarice coas fontes de consulta da disciplina.<br>- Lograr a participación activa da/do estudante no desenvolvemento da materia, tanto na aula coma en calquera actividade non presencial. | | | |

| Competencias | |
|---|---|
| Código | |
| C1 | Fomentar e mellorar a capacidade de comunicación nas linguas de estudo no grao, en diferentes contextos sociais, profesionais e culturais coas/os falantes das devanditas linguas, desenvolvendo as destrezas de comprensión e expresión orais e escritas, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural, incluíndo a defensa dos dereitos fundamentais, de igualdade social, de xénero, raza e orientación sexual, e os valores propios da democracia e a cultura da paz. |
| C3 | Adquirir os fundamentos teóricos e aplicados que ofrece a lingüística nos principais paradigmas do estudo e descrición das linguas, así como sintetizar, relacionar e describir as literaturas da primeira lingua estranxeira provenientes de distintos ámbitos culturais e sociais, períodos, xéneros e movementos. |
| C4 | Adquirir as ferramentas e técnicas metodolóxicas básicas para o estudo e a análise lingüística e literaria. |
| C5 | Adquirir os coñecementos necesarios para a comprensión, desenvolvemento, análise, avaliación e aproveitamento para o futuro profesional dos recursos lingüísticos e literarios. |
| C6 | Construír argumentos sólidos sobre os temas e textos a estudar, seguindo as convencións académicas, empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos, facendo uso dos recursos bibliográficos e electrónicos dispoñibles, especialmente os orientados á investigación lingüística e literaria e á docencia das linguas impartidas no grao. |
| C7 | Participar en debates e actividades en grupo, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico, realizando contrastes críticos e respectuosos, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural dos países das diversas linguas estranxeiras, de defensa de dereitos fundamentais, de principios de igualdade e de valores democráticos. |
| C8 | Formular razoamentos críticos a respecto dos campos de estudo lingüístico e literario que conduzan á adquisición dun método sólido de análise lingüística e literaria para alén da mera aproximación subxectiva e intuitiva ás linguas e textos obxecto de estudo. |
| C10 | Mostrar coñecemento sobre outras culturas e expresións artísticas e ser competente para sensibilizar as persoas do entorno na apreciación da diversidade, interculturalidade e multiculturalidade. Así mesmo, explorar as repercusións sociais, profesionais, educativas e culturais dos usos lingüísticos e da aprendizaxe das linguas estudadas no grao. |
| C11 | Visibilizar e valorar as contribucións feitas polas mulleres á literatura e á cultura producida no primeiro idioma estranxeiro nos seus diferentes ámbitos xeográficos e culturais. De igual modo, identificar os mecanismos de exclusión e discriminación das mulleres na linguaxe e adquirir formación no uso de linguaxe inclusiva. |
| C12 | Ser competente para utilizar as novas tecnoloxías como recurso metodolóxico, de investigación, didáctico e de comunicación. |
| C13 | Ampliar o interese polas linguas, a literatura, a cultura, e pola lingüística teórica e aplicada. |

| | |
|---|---|
| D1 | Que as/os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e que se atopa frecuentemente a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo. |
| D2 | Que as/os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo. |
| D3 | Que as/os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitiren xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética. |
| D4 | Que as/os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado. |
| D5 | Que as/os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía. |

**Resultados de aprendizaxe**

| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe | |
|---|---|---|
| 1. Coñecemento dos conceptos, unidades e procesos fundamentais da fonética e fonoloxía inglesas. | C3<br>C5<br>C13 | D1<br>D4<br>D5 |
| 2. Adquisición das técnicas de análise fonolóxica e das teorías fundamentais que a sosteñen. | C3<br>C4<br>C5<br>C6<br>C13 | D1<br>D4<br>D5 |
| 3. Adquisición das técnicas de transcrición fonética e fonolóxica. | C3<br>C4<br>C5<br>C7<br>C13 | D1<br>D2<br>D3<br>D4<br>D5 |
| 4. Capacidade para recoñecer auditivamente e reproducir oralmente textos ingleses seguindo un modelo de pronuncia estándar. | C4<br>C5<br>C7<br>C8<br>C12<br>C13 | D2<br>D3<br>D5 |
| 5. Capacidade de autocorrección da pronuncia. | C1<br>C5<br>C12<br>C13 | D2<br>D3<br>D5 |
| 6. Desenvolvemento dos hábitos de manexo de recursos bibliográficos e electrónicos pertinentes para a investigación lingüística. | C1<br>C5<br>C10<br>C12<br>C13 | D2<br>D3<br>D4<br>D5 |
| 7. Perfeccionamento da pronuncia do inglés e adquisición dun maior grao de autonomía e confianza na expresión oral en lingua inglesa. | C1<br>C5<br>C10<br>C11<br>C12<br>C13 | D1<br>D2<br>D4<br>D5 |

**Contidos**

| Tema | |
|---|---|
| 1. Introduction | 1.1. From sound to utterance<br>1.2. Phonetics versus Phonology<br>1.3. Phonetic transcriptions |
| 2. Articulatory Phonetics | 2.1. The production of speech<br>2.2. Organs of speech |
| 3. The English consonant system | 3.1. Inventory of consonant phonemes<br>3.2. Description of consonant phonemes<br>3.3. Classification of consonant phonemes in terms of features<br>3.4. Orthographic representation |

| | |
|---|---|
| 4. The English vowel system | 4.1. Cardinal vowels<br>4.2. Inventory of vowel phonemes<br>4.3. Description of vowel phonemes<br>4.4. Classification of vowel phonemes in terms of features<br>4.5. Orthographic representation<br>4.6. Major pronunciation varieties: GB vs. GA |
| 5. English syllable structure | 5.1. Monosyllabic words<br>5.2. Polysyllabic words<br>5.3. Syllabification |
| 6. Phonotactics | 6.1. Onset phonotactics<br>6.2. Rhyme phonotactics |
| 7. Allophony | 7.1. Principles of allophony<br>7.2. English allophones<br>7.3. Rules of allophonic change |
| 8. Phonological processes in speech | 8.1. Assimilation<br>8.2. Reduction<br>8.3. Elision<br>8.4. Linking |
| 9. Stress and rhythm | 9.1. Stress rules<br>9.2. Stress timing vs. syllable timing |

| **Planificación** | | | |
|---|---|---|---|
| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
| Actividades introdutorias | 1 | 0 | 1 |
| Sesión maxistral | 24 | 30 | 54 |
| Prácticas de laboratorio | 26 | 19 | 45 |
| Resolución de problemas e/ou exercicios | 20 | 31 | 51 |
| Titoría en grupo | 4 | 10 | 14 |
| Prácticas autónomas a través de TIC | 0 | 12 | 12 |
| Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas. | 3 | 15 | 18 |
| Observación sistemática | 0 | 0 | 0 |
| Outras | 0 | 30 | 30 |
| *Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado. | | | |

| **Metodoloxía docente** | |
|---|---|
| | Descrición |
| Actividades introdutorias | Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia (obxectivos, contidos e sistema de avaliación). |
| Sesión maxistral | Exposición por parte da profesora dos contidos teóricos da materia seguindo o temario. |
| Prácticas de laboratorio | As prácticas de laboratorio estarán destinadas á mellora da pronuncia do inglés tanto na súa vertente de discriminación auditiva como de produción oral, así como á práctica da transcrición fonolóxica. |
| Resolución de problemas e/ou exercicios | Resolución de exercicios prácticos de fonoloxía e/ou actividades autónomas ou en pequenos grupos dirixidas baseados nos contidos teóricos da materia explicados previamente. Son complemento da lección maxistral. |
| Titoría en grupo | Orientación xeral para a resolución de actividades/problemas/exercicios, revisión de conceptos, resolución de dúbidas, explicación de cuestións de carácter metodolóxico, etc., é dicir, asesoramento sobre as actividades e contidos da materia e do proceso de aprendizaxe. |
| Prácticas autónomas a través de TIC | Desenvolvemento de forma autónoma a través das TIC de exercicios/problemas ou outras actividades de aplicación da teoría a un nivel práctico. |

| **Atención personalizada** | |
|---|---|
| **Metodoloxías** | **Descrición** |
| Prácticas de laboratorio | Para un óptimo seguimento e aproveitamento da materia, o alumnado contará con atención personalizada en modalidade presencial (no despacho do profesorado durante o horario de titorías) e en modalidade virtual (a través das ferramentas que ofrece a plataforma Tema de teledocencia e o correo electrónico). Esta atención personalizada estará encamiñada a atender as necesidades e consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe. |

| | |
|---|---|
| Resolución de problemas e/ou exercicios | Para un óptimo seguimento e aproveitamento da materia, o alumnado contará con atención personalizada en modalidade presencial (no despacho do profesorado durante o horario de titorías) e en modalidade virtual (a través das ferramentas que ofrece a plataforma Tema de teledocencia e o correo electrónico). Esta atención personalizada estará encamiñada a atender as necesidades e consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe. |

**Avaliación**

| | Descrición | Cualificación | Resultados de Formación e Aprendizaxe | |
|---|---|---|---|---|
| Prácticas de laboratorio | Unha proba parcial sobre as actividades desenvolvidas durante as clases de laboratorio. | 5 | C1<br>C5<br>C8<br>C10<br>C12<br>C13 | D1<br>D2<br>D3<br>D4<br>D5 |
| Resolución de problemas e/ou exercicios | Resolución e entrega de exercicios, transcricións, gravacións, etc. que o profesorado solicite realizar dentro ou fóra da aula, con ou sen previo aviso, así como grao de desenvolvemento das actividades autónomas nas TIC. | 15 | C4<br>C5<br>C6<br>C8<br>C12 | D2<br>D3<br>D4<br>D5 |
| Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas. | Unha proba parcial sobre os contidos teórico-prácticos desenvolvidos nas clases teóricas. | 10 | C1<br>C3<br>C4<br>C5<br>C6<br>C8<br>C10<br>C11 | D1<br>D2<br>D3<br>D4<br>D5 |
| Observación sistemática | Recompilación por parte do profesorado de datos sobre a participación e implicación do alumnado nas sesións presenciais: atención, comentarios e preguntas ao fío das explicacións e realización de actividades encomendadas. | 10 | C7<br>C8<br>C10<br>C11<br>C13 | D1<br>D2<br>D3<br>D4<br>D5 |
| Outras | Exame final cun compoñente teórico-práctico que incluirá preguntas curtas e longas sobre os contidos teóricos e a súa aplicación práctica (incluída transcrición), e un compoñente práctico de laboratorio que incluirá preguntas (a) tipo test e/ou curtas de discriminación auditiva, (b) de transcrición da oralidad e (c) de lectura. | 60 | C1<br>C3<br>C4<br>C5<br>C6<br>C8<br>C10<br>C11 | D1<br>D2<br>D3<br>D4<br>D5 |

**Outros comentarios sobre a Avaliación**

**PRIMEIRA EDICIÓN DE ACTAS**

A1)

**Avaliación continua**

A avaliación será continua e terá lugar ao final do primeiro cuadrimestre. Para a avaliación continua computarán os seguintes parámetros obrigatorios (entre parénteses figuran as porcentaxes equivalentes da cualificación final):

(1) Participación activa nas sesións presenciais (10%).

(2) Dúas probas parciais que terán lugar na semana inmediatamente posterior á finalización do tema 4: unha proba sobre os contidos teóricos, a resolución de exercicios ou problemas relacionados coa teoría dos 4 primeiros temas e unha transcrición fonolóxica (10%), e unha proba práctica de laboratorio sobre actividades de discriminación auditiva e produción oral (5%). Un suspenso en calquera destas probas non é recuperable; a porcentaxe da cualificación final alcanzada é sumativa.

(3) Entrega de actividades puntuais (resolución de exercicios, transcricións, grabacións, etc.) que o profesorado solicite realizar dentro ou fóra da aula, con ou sen previo aviso, así como grao de desenvolvemento das actividades autónomas nas TIC (15%). A non entrega dunha actividade en tempo e forma puntuará como cero. Un suspenso en calquera destas actividades non é recuperable, salvo que o profesorado o indique explicitamente; a porcentaxe da cualificación final alcanzada é sumativa.

(4) Exame final (60%): Constará de dous compoñentes, un teórico-práctico e un práctico de laboratorio (discriminación auditiva e produción oral) que constituirán, respectivamente, un 65% e un 35% da cualificación final do exame. Abarcarán todos os contidos teóricos e prácticos explicados ao longo do cuadrimestre, incluíndo as lecturas obrigatorias tanto do libro de texto como as complementarias. Para aprobar a materia é requisito indispensable superar ambas as partes do exame final cunha cualificación satisfactoria. O exame final terá lugar na semana do 11 de xaneiro de 2016, despois da última semana lectiva. As datas e horas exactas tanto da parte teórico-práctica como da parte do laboratorio serán anunciadas en clase e a través da plataforma Tema coa debida antelación.

Para superar a avaliación continua é requisito asistir con regularidade ás sesións presenciais, tanto das sesións de grupo grande como das sesións de grupo pequeno ou laboratorio. As faltas de asistencia deberán estar debidamente xustificadas. No entanto, as faltas debidamente xustificadas repercutirán na puntuación do parámetro (1).

A2)

**Avaliación única**

O alumnado que por motivos debidamente xustificados (eg. traballo) non poida cumprir co requisito da asistencia regular deberá comunicarllo ao profesorado nos 15 primeiros días do curso. Este alumnado será avaliado en base a un único exame final que computará como o 100% da cualificación. O exame abarcará todos os contidos explicados ao longo do primeiro cuadrimestre, incluíndo as lecturas obrigatorias, tanto do libro de texto como as complementarias. Constará dun compoñente teórico-práctico e outro práctico de laboratorio (discriminación auditiva e produción oral) que constituirán, respectivamente, un 65% e un 35% da cualificación final. Para aprobar a materia é requisito indispensable ter superados ambos os compoñentes cunha cualificación satisfactoria.  A celebración do exame único, tanto a parte teórico-práctica como a parte do laboratorio, terá lugar na mesma data, hora e lugar que o exame final do alumnado que segue a avaliación continua.

Aínda que este alumnado non ten ningún deber presencial, é altamente recomendable que asista ás sesións presenciais sempre que poida.

**SEGUNDA EDICIÓN DE ACTAS (XULLO)**

O alumnado que non supere a avaliación continua na primeira edición de actas ou que, acolléndose á avaliación única a comezos de curso, non superase esta deberá presentarse á segunda edición de actas de xullo na que será avaliado en base a un único exame final que comprenderá tanto a parte teórico-práctica como a de práctica do laboratorio e que computará como o 100% da cualificación (véxase arriba o apartado sobre avaliación única en (A2)). A parte teórico-práctica do exame terá lugar na data, hora e lugar publicados polo Centro. A data, hora e lugar da realización do compoñente práctico será anunciado durante a realización do compoñente teórico-práctico do exame.

Notas:

- A avaliación terá en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa corrección lingüística.

- A copia ou plaxio total ou parcia en calquera tipo de traballo ou exame suporá un cero nese traballo ou exame. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá ao alumnado da súa responsabilidade neste aspecto.

## Bibliografía. Fontes de información

**a) Libros de texto obrigatorios:**

Smith, J. & A. Margolis (2012). *Pronunciation. Study Book*. Reading: Garnet.

**b) Libros de texto recomendados:**

Ashby, M. (2011). *Understanding Phonetics*. London: Hodder Arnold.

Bauman-Waengler, J. (2008). *Introduction to Phonetics and Phonology: From Concepts to Transcription*. Allyn & Bacon.

Brown, G. (1990). *Listening to Spoken English*. 2nd ed. London: Longman.

Collins, B. & I.M. Mees (2013). *Practical Phonetics and Phonology: A Resource Book for Students*. 3rd ed. London: Routledge.

Giegerich, H.J. (1992). *English Phonology: An Introduction*. Cambridge: C.U.P.

Gussenhoven, C. & H. Jakobs (2011). *Understanding Phonology*. 3rd ed. London: Hodder Arnold.

Harbers, H.M. (2012). *A Phonetics Workbook for Students. Building a Foundation for Transcription*. Pearson.

Knight, R-A. (2012). *Phonetics. A Coursebook*. Cambridge. C.U.P.

Kreidler, C.W. (1997). *Describing Spoken English*. London: Routledge.

López Soto, T. & D. Barrera Pardo (2000). *Applied English Phonemic Transcription*. Sevilla: Mergablum.

McMahon, A. (2002). *An Introduction to English Phonology*. Edinburgh: Edinburgh U.P.

Odden, D. (2013). *Introducing Phonology*. 2nd ed. Cambridge: C.U.P.

Reetz, H. & A. Jongman (2008). *Phonetics: Transcription, Production, Acoustics and Perception*. Oxford: Blackwell.

Roca, I. & W. Johnson (1999). *A Course in Phonology*, and *A Workbook in Phonology*. Basil: Blackwell.

Rogerson-Revell, P. (2011). *English Phonology and Pronunciation Teaching*. London: Continuum.

Shockey, L. (2003). *Sound Patterns of Spoken English*. Oxford: Blackwell.

Tench, P. (2011). *Transcribing the Sound of English. A Phonetics Workbook for Words and Discourse*. Cambrige: C.U.P.

Trudgill, P. & J. Hannah (2008). *International English*. 5th ed. London: HodderArnold.

Yavas, M. (2011). *Applied English Phonology*. 2nd ed. Oxford: Wiley-Blackwell.

Crystal, D. (2008). *A Dictionary of Linguistics and Phonetics*. 6th ed. Oxford: Blackwell.

Trask, R.L. (1996). *Dictionary of Phonetics and Phonology*. London: Routledge.

Wells, J.C. (2008). *Longman Pronunciation Dictionary*. 3rd ed. Harlow: Pearson Education. (With CD ROM)

**Recomendacións**

**Materias que continúan o temario**

Discurso oral do primeiro idioma estranxeiro: Inglés/V01G180V01901

**Outros comentarios**

Para un excelente aproveitamento das leccións maxistrais é recomendable que o alumnado teña feitas as lecturas obrigatorias antes de cada sesión para asimilar mellor os contidos que se van explicar e expor posibles dúbidas ou facer comentarios ao respecto.

Para a resolución de exercicios e outras actividades prácticas é imprescindible ter feitas as lecturas obrigatorias correspondentes así como revisado as notas das clases maxistrais.

Tanto para seguir as clases maxistrais como para a resolución de actividades prácticas recoméndase non só a consulta do libro de texto senón tamén a consulta de fontes bibliográficas complementarias. Todas elas están a disposición do alumnado na biblioteca.

Recoméndase a consulta regular da plataforma Faitic posto que a través dela o profesorado fará anuncios e porá a disposición do alumnado materiais necesarios para un excelente aproveitamento das sesións presenciais.

Competencias previas desexables:
- Bo coñecemento da lingua inglesa.
- Uso dos diferentes recursos que ofrece a Biblioteca.
- Manexo básico de ferramentas informáticas e internet.

Para a consecución destas competencias previas recoméndase a asistencia a sesións formativas especializadas.

O estudo suprasegmental iniciado nesta materia continúa na materia de 4º curso "Discurso oral do primeiro idioma estranxeiro: Inglés" (V01G180V01901) co estudo dos sistemas de entoación, entre outros contidos.

## DATOS IDENTIFICATIVOS

**Segundo idioma estranxeiro III: Francés**

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Materia | Segundo idioma estranxeiro III: Francés | | | |
| Código | V01G180V01304 | | | |
| Titulación | Grao en Linguas Estranxeiras | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 6 | OB | 2 | 1c |
| Lingua de impartición | Francés | | | |
| Departamento | Filoloxía inglesa, francesa e alemá | | | |
| Coordinador/a | Alonso Rodríguez, Inés<br>Costa da Silva , Maria Manuela | | | |
| Profesorado | Alonso Rodríguez, Inés<br>Costa da Silva , Maria Manuela<br>Jacques , Sylvia | | | |
| Correo-e | mariesilva@uvigo.es<br>ialonso@uvigo.es | | | |
| Web | http://faitic.uvigo.es | | | |
| Descrición xeral | Os obxectivos da materia son repasar e afianzar as competencias de comprensión/expresión escrita e oral fundamentalmente no que se refire ao relato das propias experiencias. Pártese dun nivel B2.1 para acadar un nivel B2.2. | | | |

## Competencias

| Código | |
|---|---|
| A4 | Que as/os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado. |
| A5 | Que as/os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía. |
| B2 | Que as/os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo. |
| B3 | Que as/os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética. |
| C1 | Fomentar e mellorar a capacidade de comunicación nas linguas de estudo no grao, en diferentes contextos sociais, profesionais e culturais coas/os falantes das devanditas linguas, desenvolvendo as destrezas de comprensión e expresión orais e escritas, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural, incluíndo a defensa dos dereitos fundamentais, de igualdade social, de xénero, raza e orientación sexual, e os valores propios da democracia e a cultura da paz. |
| C3 | Adquirir os fundamentos teóricos e aplicados que ofrece a lingüística nos principais paradigmas do estudo e descrición das linguas, así como sintetizar, relacionar e describir as literaturas da primeira lingua estranxeira provenientes de distintos ámbitos culturais e sociais, períodos, xéneros e movementos. |
| C5 | Adquirir os coñecementos necesarios para a comprensión, desenvolvemento, análise, avaliación e aproveitamento para o futuro profesional dos recursos lingüísticos e literarios. |
| C7 | Participar en debates e actividades en grupo, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico, realizando contrastes críticos e respectuosos, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural dos países das diversas linguas estranxeiras, de defensa de dereitos fundamentais, de principios de igualdade e de valores democráticos. |
| C10 | Mostrar coñecemento sobre outras culturas e expresións artísticas e ser competente para sensibilizar as persoas do entorno na apreciación da diversidade, interculturalidade e multiculturalidade. Así mesmo, explorar as repercusións sociais, profesionais, educativas e culturais dos usos lingüísticos e da aprendizaxe das linguas estudadas no grao. |
| D3 | Que as/os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitiren xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética. |

## Resultados de aprendizaxe

| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe | | | |
|---|---|---|---|---|
| - Coñecemento medio-alto da lingua francesa como segundo idioma extranxeiro, o que inclúe as perspectivas lingüística, comunicativa e de civilización. | A5 | B2 | C5<br>C7 | D3 |
| - Desenvolvemento da capacidade de contrastar aspectos léxicos, fraseolóxicos e gramaticais do segundo idioma francés co propio. | A4 | B3 | C1<br>C3<br>C5<br>C10 | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| - Desenvolvemento da capacidade de contrastar aspectos de civilización propios das xentes que falan o segundo idioma estranxeiro e alleos. | B2 | C1<br>C10 | D3 |
| Comprensón da diversidade lingüística, as linguas en contacto e as características distintivas do bo aprendiz de linguas | | | |

| **Contidos** | |
|---|---|
| Tema | |
| 1. Décrire les états anciens, les habitudes du passé, les actions en cours d'accomplissement | Les valeurs de l'imparfait. L'opposition état passé/état présent. Les valeurs du plus-que parfait. L'opposition imparfait/passé composé |
| 2. Rapporter les événements passés. Exprimer son point de vue sur des événements passés | Les formes verbales liées au déroulement de l'action. Les marqueurs temporels. La voix passive. |
| 3. Indiquer la durée des actions. Se situer par rapport à leur début. Indiquer leur fin | Les marqueurs linguistiques et les structures servant à se situer par rapport au temps. La simultanéité, l'antériorité, la postériorité. |
| 5. Négocier | Accepter, refuser, poser des conditions, contre argumenter. |
| 6. Comprendre et rédiger des textes narratifs | Macro-structures textuelles et micro-structures linguistiques du texte narratif. |
| 7. Contenus civilisationnels | Les grandes périodes de l'histoire de France. L'idée républicaine. Les régions de France. |

| **Planificación** | | | |
|---|---|---|---|
| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
| Sesión maxistral | 16 | 32 | 48 |
| Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma | 7 | 14 | 21 |
| Prácticas de laboratorio | 20 | 20 | 40 |
| Traballos tutelados | 1 | 13 | 14 |
| Debates | 3 | 0 | 3 |
| Resolución de problemas e/ou exercicios | 2 | 8 | 10 |
| Outras | 3 | 11 | 14 |
| *Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado. | | | |

| **Metodoloxía docente** | |
|---|---|
| | Descrición |
| Sesión maxistral | Presentación e explicación dos contidos lingüístico e civilizacional tratados no curso. |
| Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma | Realización de exercicios baseados nos contidos teóricos |
| Prácticas de laboratorio | Práctica da lingua francesa co método "Vite et bien" e exercicios de fonética. |
| Traballos tutelados | Explicación dun texto da obra de lectura<br><br>Traballo baseado sobre o contido civilizacional |
| Debates | Prácticas orais e diálogos a partir de temas vistos en clase. |

| **Atención personalizada** | |
|---|---|
| **Metodoloxías** | **Descrición** |
| Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma | Os traballos tutelados serán feitos baixo a supervisión e corrección da profesora antes da presentación final. Os problemas e exercicios que se realicen serán corrixidos individualmente ou en grupo. |
| Prácticas de laboratorio | Os traballos tutelados serán feitos baixo a supervisión e corrección da profesora antes da presentación final. Os problemas e exercicios que se realicen serán corrixidos individualmente ou en grupo. |
| Traballos tutelados | Os traballos tutelados serán feitos baixo a supervisión e corrección da profesora antes da presentación final. Os problemas e exercicios que se realicen serán corrixidos individualmente ou en grupo. |
| **Probas** | **Descrición** |
| Resolución de problemas e/ou exercicios | Os traballos tutelados serán feitos baixo a supervisión e corrección da profesora antes da presentación final. Os problemas e exercicios que se realicen serán corrixidos individualmente ou en grupo. |

| **Avaliación** |
|---|

| | Descrición | Cualificación | Resultados de Formación e Aprendizaxe | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Prácticas de laboratorio | Probas de comprensión, ditados, lectura e reformulación. | 10 | A5 | | C1 | |
| Traballos tutelados | Presentación da explicación dun texto da obra de lectura. Presentación de un traballo de civilización. | 10 | A4 | B2 B3 | C7 | |
| Debates | Puntuará a participación activa | 10 | | | C7 | |
| Resolución de problemas e/ou exercicios | Os exercicios corrixidos individualmente serán avaliados. | 10 | A5 | | C1 | |
| Outras | Proba final global sobre os coñecementos adquiridos durante o curso tanto na práctica coma na teoría | 60 | A5 | B3 | | D3 |

**Outros comentarios sobre a Avaliación**

Primeira edición das actas: A avaliación é continua. Para ser avaliado será necesario ter entregado os traballos na data requirida. As probas non entregadas contarán coma un cero. Os alumnos terán que aprobar todas as destrezas. En caso de plaxio, a nota é de suspenso.

Nesta primeira edición das actas haberá unha avaliación única para o alumnado que ó comezo do curso xustifique debidamente, en tempo e forma (nas dúas primeiras semanas do inicio do curso), que non pode realizar a avaliación continua. Nese caso fará unha proba única teórico-práctica. Esa nota contabilizará 50% para a parte práctica e 50% para a parte teórica. Esta proba teórica-práctica e a proba final global da avaliación continua faranse na última semana de aulas do 1º cuadrimestre.

 Segunda edición das actas: Os alumnos que non superen a materia na primeira edición das actas farán en xullo unha proba final que contará coma un 100% da nota: esa nota contabilizará 50% para a parte teórica e 50% para a parte práctica.

**Bibliografía. Fontes de información**

**BIBLIOGRAFÍA INDISPENSABLE**


 *La Grammaire. Français. Théorie et pratique.* Beatriz Job. Madrid : Santillana.

 Libro de lectura : *Les Tribulations d'une caissière .* Anna SAM. Paris : Stock, 2008 */ Film dvd : Les Tribulations d'une caissière.* Pierre Rambaldi,  Studio 37, 2011.


**BIBLIOGRAFÍA COMPLEMENTARIA PARA O TRABALLO INDIVIDUAL**

**Recomendacións**

**Materias que continúan o temario**

Segundo idioma estranxeiro IV: Francés/V01G180V01404
Segundo idioma estranxeiro V: Francés/V01G180V01604

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

Idioma moderno: Segundo idioma estranxeiro I: Francés/V01G180V01106
Idioma moderno: Segundo idioma estranxeiro II: Francés/V01G180V01205

**Outros comentarios**

Recoméndase o estudo continuado da materia, a consulta da gramática recomendada para realizar os exercicios prácticos e a autocorrección. O nivel recomendado para seguir as clases é un nivel B2.1.

## DATOS IDENTIFICATIVOS

**Segundo idioma estranxeiro III: Alemán**

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Materia | Segundo idioma estranxeiro III: Alemán | | | |
| Código | V01G180V01305 | | | |
| Titulación | Grao en Linguas Estranxeiras | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 6 | OB | 2 | 1c |
| Lingua de impartición | Alemán<br>Castelán | | | |
| Departamento | Filoloxía inglesa, francesa e alemá | | | |
| Coordinador/a | Ruzicka Kenfel, Veljka | | | |
| Profesorado | Cortes Gabaudan, Helena<br>Ruzicka Kenfel, Veljka | | | |
| Correo-e | kenfel@uvigo.es | | | |
| Web | http://faitic.uvigo.es | | | |
| Descrición xeral | É unha materia de seis créditos, que se imparte no primeiro cuadrimestre do segundo curso do grao, e que está concibida como unha continuación das materias Segundo idioma estranxeiro: Alemán I e II (A1.1 e A1.2), impartidas no primeiro ano como un curso de iniciación á lingua alemá básica, así como de introdución elemental ao coñecemento da cultura sobre a que se sostén esta lingua. Esta materia é, logo, un paso máis na progresión de coñecementos da lingua cotiá alemá e do seu uso nos países de fala alemá, e de modo principal en Alemaña, Austria e Suíza. | | | |

## Competencias

| Código | |
|---|---|
| A5 | Que as/os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía. |
| C1 | Fomentar e mellorar a capacidade de comunicación nas linguas de estudo no grao, en diferentes contextos sociais, profesionais e culturais coas/os falantes das devanditas linguas, desenvolvendo as destrezas de comprensión e expresión orais e escritas, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural, incluíndo a defensa dos dereitos fundamentais, de igualdade social, de xénero, raza e orientación sexual, e os valores propios da democracia e a cultura da paz. |
| C3 | Adquirir os fundamentos teóricos e aplicados que ofrece a lingüística nos principais paradigmas do estudo e descrición das linguas, así como sintetizar, relacionar e describir as literaturas da primeira lingua estranxeira provenientes de distintos ámbitos culturais e sociais, períodos, xéneros e movementos. |
| C5 | Adquirir os coñecementos necesarios para a comprensión, desenvolvemento, análise, avaliación e aproveitamento para o futuro profesional dos recursos lingüísticos e literarios. |
| C7 | Participar en debates e actividades en grupo, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico, realizando contrastes críticos e respectuosos, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural dos países das diversas linguas estranxeiras, de defensa de dereitos fundamentais, de principios de igualdade e de valores democráticos. |
| C10 | Mostrar coñecemento sobre outras culturas e expresións artísticas e ser competente para sensibilizar as persoas do entorno na apreciación da diversidade, interculturalidade e multiculturalidade. Así mesmo, explorar as repercusións sociais, profesionais, educativas e culturais dos usos lingüísticos e da aprendizaxe das linguas estudadas no grao. |
| D5 | Que as/os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía. |

## Resultados de aprendizaxe

| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe | | |
|---|---|---|---|
| Desenvolvemento da capacidade de contrastar aspectos léxicos, fraseológicos e gramaticales do segundo idioma estranxeiro co propio. | A5 | C1<br>C3<br>C5 | D5 |
| Desenvolvemento da capacidade de contrastar aspectos de civilización propios das xentes que falan o segundo idioma estranxeiro e alleos. | A5 | C7<br>C10 | D5 |

## Contidos

| Tema | |
|---|---|
| 1. Possessivartikel. Perfekt. Präteritum. | Familie. Aktivitäten. Ereignisse. |
| 2. Wechselpräpositionen | Einrichtung. Umzug. |
| 3. Wortbildung: Nomen. Verb | Natur. Landschaft. |
| 4. Adjektivdeklination | Lebensmittel |
| 5. Adjektivdeklination (I). | Tourismus |

| | |
|---|---|
| 6. Temporale Präpositionen | Veranstaltungen |
| 7. "Konjunktiv II. Temporale Präpositionen und Adverbien. | Sportarten |
| 8. Konjunktionen "weil", "deshalb". | Krankheit. Unfall |
| 9. Adjektivdeklination (II) | Arbeitsleben |
| 10. Konjunktion "dass". | Restaurant |
| 11. Reflexive Verben | Gebrauchsgegenstände |
| 12. Konjunktion "wenn". | Gastronomie |
| Observación: Este temario inicial está aberto a novas propostas que poidan xurdir durante o desenvolvemento das clases desta materia. | Outros temas de contido cultural ou de Landeskunde. |

**Planificación**

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|---|---|---|---|
| Actividades introdutorias | 2 | 0 | 2 |
| Sesión maxistral | 8 | 8 | 16 |
| Traballos de aula | 40 | 80 | 120 |
| Probas de resposta curta | 2 | 10 | 12 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

**Metodoloxía docente**

| | Descrición |
|---|---|
| Actividades introdutorias | Explicación pormenorizada do programa da materia e do desenvolvemento desta dentro e fóra da aula, o que implica a descrición das características do curso, contidos, metodoloxía, formas de avaliar e resolución de dúbidas, así como a presentación das diferentes ferramentas de traballo necesarias para a súa aprendizaxe: manual, dicionarios, outros libros e lecturas complementarios e outras ferramentas en liña para a aprendizaxe autónoma dunha lingua estranxeira. |
| Sesión maxistral | Exposicións teóricas e aprendizaxe gramatical, léxica e cultural. |
| Traballos de aula | Práctica de lectura, escritura e tradución, corrección de exercicios e resolución das dificultades lingüísticas e culturais. |

**Atención personalizada**

| **Metodoloxías** | **Descrición** |
|---|---|
| Traballos de aula | Seguimento e apoio na preparación e realización das tarefas do curso, tanto na aula como fóra dela mediante titorías personalizadas no despacho ou non presenciais mediante o correo electrónico. |
| **Probas** | **Descrición** |
| Probas de resposta curta | Seguimento e apoio na preparación e realización das tarefas do curso, tanto na aula como fóra dela mediante titorías personalizadas no despacho ou non presenciais mediante o correo electrónico. |

**Avaliación**

| | Descrición | Cualificación | Resultados de Formación e Aprendizaxe | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Traballos de aula | Valoración continua da participación activa nas actividades de presentación e control das prácticas lingüísticas, gramaticais e léxicas e de Landeskunde. | 20 | A5 | C1<br>C3<br>C7 | D5 |
| Probas de resposta curta | Proba escrita de contido léxico, gramatical e de Landeskunde. | 80 | | C5<br>C10 | |

**Outros comentarios sobre a Avaliación**

A avaliación e conseguinte cualificación do traballo do alumnado levarase a cabo cun procedemento de avaliación continua de acordo coas porcentaxes descritas máis arriba. A proba escrita realizarase na derradeira semana de clase.

A avaliación continua comprende probas escritas esporádicas no aula (máximo catro) e avaliación continua de destrezas orais.

Os estudantes que suspenden son examinados de toda a materia.

O alumnado que non se acolla ao sistema de avaliación continua e escolla avaliación única deberá realizar un exame escrito na derradeira semana de clase sobre os contidos da materia e máis outro oral noutra data concertada co profesorado para

superala. O primeiro cun valor do 80% e o segundo cun valor do 20% da nota.

Tanto no caso da avaliación continua, como da avaliación única, a nota do exame escrito non deberá ser inferior a 4 para superar a materia.

SEGUNDA EDICIÓN DE ACTAS (XULLO): Exame teórico-práctico escrito dos contidos do curso polo 100% da cualificación. Para o alumnado que durante o curso se acolleu á avaliación única este exame ten un valor do 80% da nota; este alumnado terá que facer tamén unha proba oral polo 20% da cualificación para superar a materia. A nota do exame escrito non deberá ser inferior a 4 para superar a materia. A proba oral realizarase nunha data concertada co profesorado.

## Bibliografía. Fontes de información

Charlotte Habersack, Angel Pude, Franz Specht, **Menschen A2.1. Deutsch als Fremdsprache. Kursbuch**, 2013,

Bibliografía complementaria e orientativa:

A. Menschen A2.1-Materialien

Menschen DaF Arbeitsbuch (mit Audio-CD). ISBN: 9783193119025

Menschen DaF Glossar XXL/ Guía Deutsch-Spanisch/ Alemán-Español.

B. Dicionarios e vocabularios


Collins. *Diccionario Compact Plus. Español Alemán. Deutsch Spanisch*. Glasgow, HarperCollins Publishers, 2013.

Tschirner, E. *Grund- und Aufbauwortschatz. Deutsch als Fremdsprache nach Themen*. Berlin, Cornelsen. 2008.

Davies, H. *Diccionario de alemán para principiantes* (Dicc. ilustrado). Madrid, Susaeta Ediciones.

Langenscheidt. *Diccionario Moderno Alemán. Español-Alemán, Alemán-Español*. Berlin-München, Langenscheidt. 2009.

Langenscheidt. *Langenscheidt Diccionario Básico Alemán*, Berlin-München, Langenscheidt. 2001.

*Pons. Kompaktwörterbuch Spanisch. Spanisch-Deutsch, Deutsch-Spanisch*. Stuttgart, Ernst Klett Sprachen GmbH. 2009.

Larousse Planeta. *Vocabulario Básico del alemán*. España, Larousse Planeta. 2013.


C. Gramáticas e outros libros


Braucek, B. / Castell, A. *Verbos alemanes*. Madrid, Idiomas. 2002.

Castell, A. *Gramática de la lengua alemana*. Madrid, Idiomas. 2011.

Corcoll, B./ R. *Gramática Programm: Alemán para hispanohablantes.* Barcelona, Herder. 1999.

Funk, H. *et al. Deutsche Grammatik.* Zürich, Cornelsen. 2006.

Horbert R./ U. *Der kleine Duden. Gramática del alemán*. Madrid, Max Hueber Verlag-Editorial Idiomas. 2004.

Larousse. *Gramática Alemana*. Barcelona, Larousse Editorial S. A. 2009.

Lemcke, C./ Rohrmann, L. *Einfach Grammatik A1. Deutsch.*Berlin, München, Langenscheidt. 2006.

Lemcke, C./ Rohrmann, L.*Wortschatz Intensivtrainer A1. Deutsch.* Berlin, München, Langenscheidt. 2007.

Ruipérez, G. *Gramática Alemana*. Madrid, Cátedra. 2006.

Werner, G.*Langenscheidts Grammatiktraining. Deutsch.*Berlin, München, Langenscheidt. 2001.


## Recomendacións

### Materias que continúan o temario

Segundo idioma estranxeiro IV: Alemán/V01G180V01405

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

Idioma moderno: Segundo idioma estranxeiro I: Alemán/V01G180V01107
Idioma moderno: Segundo idioma estranxeiro II: Alemán/V01G180V01206

**Outros comentarios**

Recoméndase ter coñecementos básicos do idioma alemán equivalentes a 12 créditos desta materia (A1.1.; A1.2)
Recoméndase a asistencia ás clases e o traballo regular.
Recoméndase o uso dos resursos da biblioteca.
A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou exame suporá un cero nesa proba. Alegar descoñocemento do que supón un plaxio non eximirá o alumnado da súa responsabilidade neste aspecto.
É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma FAITIC e de estar ao tanto das datas nas que as probas de avaliación teñen lugar.

| DATOS IDENTIFICATIVOS | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Análise e interpretación literaria de textos do primeiro idioma estranxeiro: Inglés** | | | | |
| Materia | Análise e interpretación literaria de textos do primeiro idioma estranxeiro: Inglés | | | |
| Código | V01G180V01401 | | | |
| Titulación | Grao en Linguas Estranxeiras | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 9 | OB | 2 | 2c |
| Lingua de impartición | Inglés | | | |
| Departamento | Filoloxía inglesa, francesa e alemá | | | |
| Coordinador/a | Bringas López, Ana María | | | |
| Profesorado | Bringas López, Ana María | | | |
| Correo-e | abringas@uvigo.es | | | |
| Web | http://faitic.uvigo.es | | | |
| Descrición xeral | A materia fornece estratexias xerais de lectura, así como pautas específicas para aplicar á interpretación e análise de textos literarios de natureza diversa. Está orientada a favorecer o desenvolvemento de destrezas comunicativas mediante a práctica da lectura, a escritura e a expresión oral, así como a expor ao alumnado ao reto emocional e intelectual que supón enfrontarse a textos heteroxéneos tanto no que respecta á súa tipoloxía diversa, á súa temática variada ou á súa pertenza a xéneros e estéticas diferentes. Ademais da introdución ao vocabulario específico e á terminoloxía crítica e da identificación dos recursos formais e aspectos estilísticos relevantes, a materia persegue formar ao alumnado para que desenvolva o seu espírito crítico ante a lectura dun texto literario de xeito que poida responder combinando a súa capacidade de interpretación persoal e creativa cun discurso crítico informado e rigoroso. | | | |

| Competencias | |
|---|---|
| Código | |
| A2 | Que as/os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo. |
| A3 | Que as/os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética. |
| A4 | Que as/os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado. |
| A5 | Que as/os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía. |
| C2 | Identificar as principais contribucións teóricas nos distintos ámbitos xeográficos, sociais e culturais da literatura do primeiro idioma estranxeiro, desde unha perspectiva que teña en consideración os valores democráticos, de igualdade social, de xénero, raza e orientación sexual, así como dunha cultura para a paz. |
| C3 | Adquirir os fundamentos teóricos e aplicados que ofrece a lingüística nos principais paradigmas do estudo e descrición das linguas, así como sintetizar, relacionar e describir as literaturas da primeira lingua estranxeira provenientes de distintos ámbitos culturais e sociais, períodos, xéneros e movementos. |
| C4 | Adquirir as ferramentas e técnicas metodolóxicas básicas para o estudo e a análise lingüística e literaria. |
| C5 | Adquirir os coñecementos necesarios para a comprensión, desenvolvemento, análise, avaliación e aproveitamento para o futuro profesional dos recursos lingüísticos e literarios. |
| C6 | Construír argumentos sólidos sobre os temas e textos a estudar, seguindo as convencións académicas, empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos, facendo uso dos recursos bibliográficos e electrónicos dispoñibles, especialmente os orientados á investigación lingüística e literaria e á docencia das linguas impartidas no grao. |
| C7 | Participar en debates e actividades en grupo, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico, realizando contrastes críticos e respectuosos, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural dos países das diversas linguas estranxeiras, de defensa de dereitos fundamentais, de principios de igualdade e de valores democráticos. |
| C8 | Formular razoamentos críticos a respecto dos campos de estudo lingüístico e literario que conduzan á adquisición dun método sólido de análise lingüística e literaria para alén da mera aproximación subxectiva e intuitiva ás linguas e textos obxecto de estudo. |
| C9 | Planificar, estruturar e desenvolver ensaios escritos e presentacións orais nas diversas linguas estranxeiras, formulando hipóteses, utilizando unha metodoloxía apropiada para transmitir ideas de xeito eficaz e válido, seguindo as convencións académicas e empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos. |

| | |
|---|---|
| C10 | Mostrar coñecemento sobre outras culturas e expresións artísticas e ser competente para sensibilizar as persoas do entorno na apreciación da diversidade, interculturalidade e multiculturalidade. Así mesmo, explorar as repercusións sociais, profesionais, educativas e culturais dos usos lingüísticos e da aprendizaxe das linguas estudadas no grao. |
| C11 | Visibilizar e valorar as contribucións feitas polas mulleres á literatura e á cultura producida no primeiro idioma estranxeiro nos seus diferentes ámbitos xeográficos e culturais. De igual modo, identificar os mecanismos de exclusión e discriminación das mulleres na linguaxe e adquirir formación no uso de linguaxe inclusiva. |
| C12 | Ser competente para utilizar as novas tecnoloxías como recurso metodolóxico, de investigación, didáctico e de comunicación. |
| C13 | Ampliar o interese polas linguas, a literatura, a cultura, e pola lingüística teórica e aplicada. |
| D2 | Que as/os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo. |
| D3 | Que as/os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitiren xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética. |
| D5 | Que as/os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía. |

## Resultados de aprendizaxe

| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe | | |
|---|---|---|---|
| Coñecemento e comprensión de autoras/es, obras e movementos representativos da literatura do primeiro idioma estranxeiro. | A5 | C2<br>C3<br>C10<br>C13 | D2 |
| Desenvolvemento de hábitos críticos que permitan explorar os textos de forma autónoma e creativa. | A2<br>A3<br>A5 | C5<br>C6<br>C8 | D3 |
| Posta en valor das achegas das mulleres e das minorías á expresión literaria do primeiro idioma estranxeiro. | A4 | C10<br>C11 | D3 |
| Comprensión de conceptos fundamentais relacionados coa creación e a análise de textos literarios. | A3 | C4<br>C5<br>C8 | D2 |
| Adquisición dun método de comentario de texto que permita a análise sobre a mera interpretación. | A3<br>A5 | C8 | D3 |
| Eficacia na consulta de fontes bibliográficas cun certo grao de autonomía e a súa posterior utilización en exposicións ou argumentacións en torno a temas literarios. | A5 | C6<br>C12 | D5 |
| Iniciación na investigación literaria mediante a realización de traballos específicos que fomenten a escritura científica sobre temas literarios. | A4 | C7<br>C8<br>C9 | D3 |

## Contidos

| Tema | |
|---|---|
| 1. Introduction | 1.1. Critical strategies for reading literature |
| 2. Poetry | 2.1. What is poetry? How do we read it?<br>2.2. The language of poetry: diction; imagery; figures of speech; symbol; irony<br>2.3. The sounds of poetry: rhyme, rhythm and metre<br>2.4. Poetic form: fixed-form and open-form poetry |
| 3. Narrative | 3.1. What is narrative? Narrative genres<br>3.2. Elements of fiction: point of view, plot and structure, characterisation, setting |
| | N.B. Para cada bloque do temario, o alumnado disporá dun esquema detallado e dunha selección de textos teórico-críticos para ampliar e reforzar conceptos. A profesora fornecerá tamén, para a súa análise detallada, unha selección de textos literarios (poéticos e narrativos) de autoras e autores de diversas épocas e tradicións culturais de expresión inglesa. Os textos estarán a disposición do alumnado na plataforma de teledocencia Faitic antes do comezo do cuadrimestre. |

## Planificación

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|---|---|---|---|
| Actividades introdutorias | 2 | 0 | 2 |
| Sesión maxistral | 26 | 40 | 66 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Estudos/actividades previos | 0 | 23 | 23 |
| Traballos de aula | 26 | 40 | 66 |
| Presentacións/exposicións | 20 | 24 | 44 |
| Probas de resposta longa, de desenvolvemento | 2 | 10 | 12 |
| Probas de resposta longa, de desenvolvemento | 2 | 10 | 12 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

**Metodoloxía docente**

| | Descrición |
|---|---|
| Actividades introdutorias | Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia. |
| Sesión maxistral | Exposición por parte da profesora dos contidos teóricos da materia. |
| Estudos/actividades previos | O alumnado deberá ler os textos obrigatorios, tanto os teórico-críticos coma os diversos textos literarios, con antelación ás clases nos que se comentarán. O calendario de comentario dos textos obrigatorios estará publicado en Faitic antes do comezo das clases. O alumnado debe consultar este calendario e realizar a lectura do material con anterioridade á clase correspondente. |
| Traballos de aula | Exercicios prácticos e comentarios de texto realizados polo alumnado, individualmente ou en grupo, baixo a dirección e supervisión da profesora. Poderán ser tanto orais coma escritos e neles o alumnado deberá aplicar os contidos teóricos expostos nas sesións maxistrais. |
| Presentacións/exposicións | Presentacións orais en grupo dun tema ou texto relacionado cos contidos da materia. |

**Atención personalizada**

| Metodoloxías | Descrición |
|---|---|
| Presentacións/exposicións | A profesora orientará e supervisará o traballo do alumnado durante a realización dos exercicios e traballos sobre os contidos da materia, tanto nas aulas coma no horario de titorías. |

**Avaliación**

| | Descrición | Cualificación | Resultados de Formación e Aprendizaxe | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Presentacións/exposicións | Presentación oral por parte do alumnado de traballos elaborados grupalmente sobre temas ou textos do programa que se determinarán baixo a supervisión da profesora. | 20 | A2<br>A3<br>A4<br>A5 | C2<br>C3<br>C4<br>C6<br>C7<br>C9<br>C10<br>C11<br>C12<br>C13 | D2<br>D3<br>D5 |
| Probas de resposta longa, de desenvolvemento | Exame parcial despois do primeiro bloque de contidos (poesía). | 40 | A2<br>A3 | C2<br>C3<br>C4<br>C5<br>C8<br>C9<br>C10 | D2 |
| Probas de resposta longa, de desenvolvemento | Exame parcial despois do segundo bloque de contidos (narrativa). | 40 | A2<br>A3 | C2<br>C3<br>C4<br>C5<br>C8<br>C9<br>C10 | D2 |

**Outros comentarios sobre a Avaliación**

**1. PRIMEIRA EDICIÓN DE ACTAS**

A avaliación desenvolverase consonte o detallado máis arriba.

É obrigatorio realizar todas as probas previstas na avaliación. As probas non realizadas contarán coma un cero. As datas das probas serán propostas pola profesora no cronograma entregado o primeiro día de aulas e serán consensuadas co alumnado e publicadas en Faitic con antelación suficiente. Se un/ha alumna/o, por causas de forza maior debidamente xustificadas,

non puidese realizar algunha proba, deberá falar coa profesora, con anterioridade á data de realización da proba, para estabelecer unha nova data.

A presentación oral terá lugar durante as aulas prácticas consonte un calendario que se estabelecerá ao comezo do cuadrimestre (dende aproximadamente a semana 7 até o remate do cuadrimestre). Para a súa preparación é responsabilidade da/do estudante asistir a titorías coa profesora. Cada persoa integrante do grupo será avaliada pola súa contribución individual. Avaliaranse tanto as competencias referidas ao coñecemento da cuestión analizada como as relacionadas coa construción de argumentos e a súa expresión oral correcta. Deberá utilizarse como apoio software de diapositivas para presentacións, e avaliarase a correcta expresión escrita nestes textos, que se lle deberán entregar á profesora na mesma data da presentación a través da plataforma de teledocencia Tema.

O primeiro exame parcial terá lugar ao remate do primeiro bloque de contidos (semanas 8 ou 9) e o segundo exame parcial realizarase na derradeira semana de aulas. A cualificación obtida en cada exame parcial computará polo 40% da cualificación final. No caso de que a cualificación do primeiro parcial (poesía) non acade un 4, a/o estudante deberá realizar novamente unha proba correspondente ao bloque de poesía coincidindo coa data do segundo parcial (narrativa).

Todas as probas cualificaranse tendo en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa corrección lingüística.

O alumnado avaliado por este sistema non poderá presentarse ao exame correspondente á avaliación única, e a súa cualificación na primeira edición de actas corresponderá ao cómputo das notas obtidas nas probas realizadas durante o curso.

Excepcionalmente, haberá unha modalidade de avaliación única na primeira edición de actas, só para aquelas/es estudantes que por motivos xustificados non poidan facer un seguimento regular da materia. Neste caso, a/o alumna/o deberá comunicarllo á profesora argumentadamente ao comezo do cuadrimestre (nas dúas primeiras semanas de clase). A avaliación constará dun exame único, baseado nos contidos da materia, que combinará preguntas teóricas e exercicios prácticos de análise e interpretación de textos e cuxa nota constituirá o 100% da cualificación final. Este exame terá lugar na mesma data ca o segundo exame parcial (ver máis arriba).

A escolla desta opción en ningún caso supón a perda do dereito a asistir ás aulas sempre que sexa posíbel, o cal se recomenda encarecidamente. O alumnado que siga esta modalidade de avaliación será responsábel de manter un contacto continuado coa materia a través de Faitic.

**A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou exame suporá un cero nesa proba**. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o alumnado da súa responsabilidade.

Non é obrigatorio asistir ás aulas, aínda que se recomenda encarecidamente asistir con regularidade e participar de maneira activa no desenvolvemento do curso. **É responsabilidade do alumnado facer un seguimento da materia a través de Faitic e estar ao tanto das datas de realización das probas**.

**2. SEGUNDA EDICIÓN DE ACTAS**

Na segunda edición de actas a avaliación levarase a cabo mediante un exame único, baseado nos contidos da materia, que combinará preguntas teóricas e exercicios prácticos de análise de textos e cuxa nota constituirá o 100% da cualificación final. Este exame terá lugar na data oficial de xullo aprobada pola Xunta de Facultade.

Ao alumnado que na primeira edición de actas superase só a proba correspondente a un dos bloques de contido (poesía ou narrativa) conservaráselle esa cualificación até xullo. Na segunda edición de actas este alumnado examinarase unicamente da materia correspondente ao bloque non superado.

Recoméndase firmemente que o alumnado asista ás aulas e titorías con regularidade e se implique activamente no seu proceso de aprendizaxe.

## Bibliografía. Fontes de información

### Bibliografía básica

Atkin, Graham, Chris Walsh & Susan Watkins, eds. (1995): *Studying Literature: A Practical Introduction*. New York & London: Harvester Wheatsheaf.

Childs, Peter (2001): *Reading Fiction: Opening the Text*. Basingstoke & New York: Palgrave.

Childs, Peter & Roger Fowler, eds. (2006): *The Routledge Dictionary of Literary Terms*. London: Routledge.

Furniss, Tom & Michael Bath (2007): *Reading Poetry: An Introduction*. 2nd edition. London & New York: Prentice Hall/Harvester Wheatsheaf.

Griffith, Kelley (2006): *Writing Essays about Literature: A Guide and Style Sheet*. Boston: Thomson/Wadsworth.

Klarer, Mario (2013): *An Introduction to Literary Studies*. 3rd edition. London & New York: Routledge.

Meyer, Michael (2013): *Poetry: An Introduction*. 7th edition. Boston & New York: Bedford/St Martin□s.

Montgomery, Martin, Alan Durant, Nigel Fabb, Tom Furniss & Sara Mills (2013): *Ways of Reading: Advanced Reading Skills for Students of English Literature*. 4th edition. London & New York: Routledge.

Peck, John & Martin Coyle (2002): *Literary Terms and Criticism*. 3rd edition. Basingstoke & New York: Palgrave.

Pope, Rob (2012): *Studying English Literature and Language: An Introduction and Companion*, 3rd edition. London & New York: Routledge.

Pugh, Tison & Margaret E. Johnson (2014): *Literary Studies: A Practical Guide*. London & New York: Routledge.

Rainsford, Dominic (2014): *Studying Literature in English: An Introduction*. London & New York: Routledge.

Wolfreys, Julian (2011): *The English Literature Companion*. Basingstoke: Palgrave Macmillan.

**Bibliografía complementaria**

Bennet, Andrew & Nicholas Royle (2015): *This Thing Called Literature: Reading, Thinking, Writing*. London & New York: Routledge.

Eaglestone, Robert (2009): *Doing English: A Guide for Literature Students*. 3rd edition. London & New York: Routledge.

Goring, Paul, Jeremy Hawthorn & Domhnall Mitchell (2001): *Studying Literature: The Essential Companion*. London: Arnold.

Hutchings, William (2012): *Living Poetry: Reading Poems from Shakespeare to Don Paterson*. Basingstoke: Palgrave Macmillan.

Marsh, Nicholas (2002): *How to Begin Studying Literature*. 3rd edition. Basingstoke & New York: Palgrave.

Peck, John (1983): *How to Study a Novel*. Basingstoke & London: Macmillan.

Peck, John & Martin Coyle (1995): *Practical Criticism: How to Write a Critical Appreciation*. 2nd edition. Basingstoke & New York: Palgrave.

Simpson, Paul (2014): *Stylistics: A Resource Book for Students*. 2nd edition. London & New York: Routledge.

## Recomendacións

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

Literatura: Pensar a literatura/V01G180V01202
Introdución á literatura do primeiro idioma estranxeiro: Inglés/V01G180V01301

**Outros comentarios**

Nesta materia, a asistencia activa ás sesións presenciais constitúe un elemento clave na adquisición de competencias por parte do alumnado, polo que se recomenda a presenza e participación activa na aula.
Para superar a materia é necesario o traballo constante do alumnado, tanto nas sesións presenciais como nas horas de traballo persoal fóra da aula. Xa que logo, recoméndase firmemente o estudo diario da materia, así como a lectura atenta de todos os materiais literarios e teórico-críticos proporcionados ao longo do desenvolvemento das aulas.
Recoméndase igualmente facer uso dos recursos da Biblioteca, tanto electrónicos coma en papel.
O alumnado deberá ter acceso a Faitic e consultar o espazo web da materia con regularidade, xa que éste será o medio principal de comunicación e de entrega de materiais de lectura por parte da profesora.

| DATOS IDENTIFICATIVOS | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Morfosintaxe do primeiro idioma estranxeiro: Inglés** | | | | |
| Materia | Morfosintaxe do primeiro idioma estranxeiro: Inglés | | | |
| Código | V01G180V01402 | | | |
| Titulación | Grao en Linguas Estranxeiras | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 9 | OB | 2 | 2c |
| Lingua de impartición | | | | |
| Departamento | Filoloxía inglesa, francesa e alemá | | | |
| Coordinador/a | Seoane Posse, Elena Celsa | | | |
| Profesorado | Bemposta Rivas, Sofía<br>Llantada Díaz, María Francisca<br>Seoane Posse, Elena Celsa | | | |
| Correo-e | elena.seoane@uvigo.es | | | |
| Web | http://faitic.uvigo.es | | | |
| Descrición xeral | Introdución á análise morfolóxica e sintáctica das unidades gramaticais do primeiro idioma estranxeiro. Adquisición dos ceñecementos imprescindibles para analisar, desenrolar e evaluar críticamente as distintas estratexias do análise morfosintáctico do primeiro idioma estranxeiro. | | | |

| Competencias | |
|---|---|
| Código | |
| A1 | Que as/os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e que se atopa a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo. |
| A2 | Que as/os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo. |
| A4 | Que as/os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado. |
| B3 | Que as/os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética. |
| B5 | Que as/os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía. |
| C3 | Adquirir os fundamentos teóricos e aplicados que ofrece a lingüística nos principais paradigmas do estudo e descrición das linguas, así como sintetizar, relacionar e describir as literaturas da primeira lingua estranxeira provenientes de distintos ámbitos culturais e sociais, períodos, xéneros e movementos. |
| C4 | Adquirir as ferramentas e técnicas metodolóxicas básicas para o estudo e a análise lingüística e literaria. |
| C5 | Adquirir os coñecementos necesarios para a comprensión, desenvolvemento, análise, avaliación e aproveitamento para o futuro profesional dos recursos lingüísticos e literarios. |
| C6 | Construír argumentos sólidos sobre os temas e textos a estudar, seguindo as convencións académicas, empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos, facendo uso dos recursos bibliográficos e electrónicos dispoñibles, especialmente os orientados á investigación lingüística e literaria e á docencia das linguas impartidas no grao. |
| C7 | Participar en debates e actividades en grupo, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico, realizando contrastes críticos e respectuosos, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural dos países das diversas linguas estranxeiras, de defensa de dereitos fundamentais, de principios de igualdade e de valores democráticos. |
| C8 | Formular razoamentos críticos a respecto dos campos de estudo lingüístico e literario que conduzan á adquisición dun método sólido de análise lingüística e literaria para alén da mera aproximación subxectiva e intuitiva ás linguas e textos obxecto de estudo. |
| C9 | Planificar, estruturar e desenvolver ensaios escritos e presentacións orais nas diversas linguas estranxeiras, formulando hipóteses, utilizando unha metodoloxía apropiada para transmitir ideas de xeito eficaz e válido, seguindo as convencións académicas e empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos. |
| C13 | Ampliar o interese polas linguas, a literatura, a cultura, e pola lingüística teórica e aplicada. |
| D1 | Que as/os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e que se atopa frecuentemente a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo. |
| D2 | Que as/os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo. |

| | |
|---|---|
| D3 | Que as/os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitiren xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética. |
| D4 | Que as/os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado. |
| D5 | Que as/os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía. |

**Resultados de aprendizaxe**

| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe | | | |
|---|---|---|---|---|
| Comprensión dos conceptos fundamentais da morfoloxía e a sintaxe, aplicadas á descripción do primeiro idioma estranxeiro. | A1<br>A2<br>A4 | B3 | C3<br>C4<br>C5<br>C6<br>C8<br>C13 | D1<br>D2<br>D5 |
| Adquisición dos coñecementos imprescindibles para analisar, desenrolar e avaliar críticamente as distintas estratexias do análisis morfosintáctico dentro dun concepto amplo de ciencias da linguaxe. | A1<br>A2<br>A4 | B5 | C3<br>C4<br>C5<br>C6<br>C7<br>C8<br>C9 | D1<br>D2<br>D5 |
| Adquisición dun método sistemático de análise e crítica dos recursos bibliográficos e electrónicos relativos á morfoloxía e sintaxe do primeiro idioma extranxeiro. | A1<br>A2<br>A4 | | C3<br>C4<br>C5<br>C6<br>C7<br>C8 | D1<br>D2<br>D3 |
| Iniciación na investigación en morfosintaxe mediante a realización de exercicios, prácticas e traballos académicos específicos deste ámbito. | A1<br>A2<br>A4 | B5 | C6<br>C7<br>C9 | D3<br>D4<br>D5 |

**Contidos**

| Tema | |
|---|---|
| UNIT 1: INTRODUCTION TO THE LINGUISTIC STUDY OF ENGLISH (week 1) | 1.1. The morphosyntactic study of English<br>1.2. Language variation: Registers, dialects, standard and vernacular English<br>1.3. Descriptive and prescriptive approaches to grammar |
| UNIT 2: AN OVERVIEW OF GRAMMATICAL UNITS: (week 1-3) | 2.1. Sentence, clause, phrase and word<br>2.2. Category vs function<br>2.3. Word and lexeme categories: the parts of speech<br>2.4. Survey of lexical words and function words<br>2.5. The structure of phrases<br>2.6. Canonical and non-canonical clauses<br>2.7. Structure of words: Inflection vs derivation<br>2.8. Word-formation processes |
| UNIT 3: CLAUSE STRUCTURE (week 4-6) | 3.1. Introduction<br>3.2. The subject<br>3.3. The object<br>3.4. Predicative complements<br>3.5. Types of clause structures<br>3.6. Multi-word lexical verbs: Phrasal, prepositional and phrasal-prepositional verbs<br>3.7. Adjuncts |
| UNIT 4: THE VERB PHRASE (week 7) | 4.1. The verb phrase<br>4.2. Finite vs non-finite verbs<br>4.3. Auxiliary vs lexical verbs<br>4.4. An overview of tense, aspect, voice and modality |
| UNIT 5: THE ADJECTIVE AND THE ADVERB PHRASE (week 8) | 5.1. Characteristics of adjectives<br>5.2. The structure and function of adjective phrases<br>5.3. Characteristics of adverbs<br>5.4. The structure and function of adverb phrases |
| UNIT 6: THE PREPOSITIONAL PHRASE (week 9) | 6.1. The structure of prepositional phrases<br>6.2. Preposition stranding<br>6.3. PP complements in clause structure |

| | |
|---|---|
| UNIT 7: THE NOUN PHRASE (week 10-11) | 7.1. Introduction<br>7.2. Determiners<br>7.3. Complements<br>7.4. Internal and external modifiers<br>7.5. Pronouns<br>7.6. Genitive case |
| UNIT 8: SUBORDINATION AND CONTENT CLAUSES (week 12-13) | 8.1. Subordinate clauses<br>8.2. Clause type in content clauses<br>8.3. Declarative content clauses<br>8.4. Interrogative content clauses<br>8.5. Exclamative content clauses |
| UNIT 9: RELATIVE CLAUSES (week 14) | 9.1. The function of relative clauses<br>9.2. Integrated vs supplementary relatives<br>9.3. Relative words in integrated vs supplementary relative clauses<br>9.4. Fused relatives |
| UNIT 10: NON-FINITE CLAUSES (week 15) | 10.1 Four kinds of non-finite clause<br>10.2 The form of non-finite clauses<br>10.3. The functions of non-finite clauses |

**Planificación**

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|---|---|---|---|
| Sesión maxistral | 49 | 50 | 99 |
| Seminarios | 25 | 40 | 65 |
| Resolución de problemas e/ou exercicios | 0 | 27 | 27 |
| Probas de resposta longa, de desenvolvemento | 2 | 10 | 12 |
| Probas de resposta longa, de desenvolvemento | 2 | 20 | 22 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

**Metodoloxía docente**

